

TRADUCCIÓN Y CULTURA. DE LA IDEOLOGÍA AL TEXTO

Ovidi Carbonell i Cortés, *Traducción y cultura. De la ideología al texto*. 1999. Salamanca: Eds. Colegio de España (Col. Biblioteca de Traducción)

Asistimos nas dúas últimas décadas do século XX á multiplicación dos estudos de traducción. Isto non é un azar, senón que responde ao crecemento expoñencial da actividade de traducción no mundo actual, ligada ás necesidades dos intercambios económicos e favorecida polas novas tecnoloxías. Estas traduccions forman parte habitual do noso universo de textos cotián, atopándose integradas a tal punto que as máis das veces non nos decatamos da súa existencia.

Ata hai pouco tempo, a traducción era enfocada como unha simple cuestión de transvasamento entre linguas (unha operación de descodificación/ recodificación), respondendo ó paradigma estruturalista máis clásico, segundo o cal o estudio do proceso de comunicación no que se emprega un código lingüístico podía e debía facerse independentemente das condicións de enunciación no que se produce. Se ben é certo que por cuestións epistemolóxicas o obxecto de estudio precisa ser illado –sempre artificialmente pois–, non por iso se pode esquecer que estes usos responden a convencións e outros códigos cós propriamente lingüísticos. É dicir, non existen formas lingüísticas virtuais para ser activadas nun momento dado, senón que son o froito das necesidades comunicativas dos falantes dunha lingua pertencente a unha cultura dada, compartida por todos eles. As diferentes formas que pode adquirir-lo acto de comunicación, quer orais, quer escritas, atópanse sempre condicionadas polos usos, convencións, valores e outros moitos elementos que entran en xogo.

Nos últimos vinte anos asistimos a un cambio fundamental de paradigma nos estudos de traducción, o cal defende que a análise destas debe facerse de arriba a abaixo (*top down*), é dicir, partindo da cultura –ou macronivel–na que se inscriben os textos –tanto os TO coma os TT– para ir descendendo cara ós microniveis textuais (palabra e frase). As implicacións teóricas son evidentes, pois a traducción é concibida tamén como un feito ou fenómeno

da cultura importadora, manifestación e testemuño das súas características, dos seus valores, normas, crenzas, prexuízos, relacións de poder, en suma da actitude cara ó “outro”.

Tal é o enfoque que guía a obra de Carbonell, na que en sucesivos capítulos analiza aqueles aspectos especificamente culturais das disciplinas relacionadas coa traducción, partindo da premisa segundo a cal, como espuxemos no parágrafo anterior, os estudos de traducción son esencialmente multidisciplinares, por se-la traducción ó tempo un proceso lingüístico e unha actividade cultural complexa na que se atopan implicados factores de diversa índole, como as condicións económicas, sociais e culturais na que esta se produce.

O primeiro e breve apartado da obra serve de xustificación ó título, delimitando ó mesmo tempo o límite e os presupostos ideolóxicos do que se vén en denominar actualmente “Estudios de Traducción”, etiqueta non sempre empregada con coñecemento de causa, que queda aquí perfectamente explicada, aínda que o autor tampouco se decante claramente por ela. A orientación xeral do manual será, así pois, descritivista.

O segundo apartado é o que verdadeiramente expón e desenvolve a cuestión que dá título á obra: *Traducción y cultura*, artellándose como un completísimo panorama daqueles recentes modelos teóricos considerados pertinentes polo autor, que tentan presentar unha explicación satisfactoria do funcionamento da comunicación a través de medios estrictamente lingüísticos ou máis especificamente (inter)culturais, como son, por exemplo, as obras literarias traducidas. Deste xeito, este apartado divídese en capítulos dedicados ós distintos grandes campos disciplinares que, polo seu obxecto de estudio, se interesan especialmente pola traducción: lingüística, antropoloxía, semiótica, literatura comparada e teoría da literatura. Aparecen, en primeiro lugar, as teorías referidas á pragmática, á sociolingüística e á lingüística cognitiva. Parécenos imprescindible salientar que o feito de incluír esta última resulta especialmente interesante pola pouca difusión no noso país das denominadas ciencias cognitivas, que están a experimentar un enorme desenvolvemento –sobre todo no mundo anglosaxón–. Poderíamos afirmar, sen medo a equivocarnos, que se está a converter no paradigma emerxente no eido da Teoría da Traducción, constituíndo polo de agora unha axuda de enorme utilidade para a comprensión das operacións mentais levadas a cabo polo suxeito durante o proceso de traducción. É tamén na exposición destas teorías interpretativas onde máis clara aparece a relación entre os procesos lingüísticos e a cultura onde se atopa inmerso o falante (usuario) dunha lingua.

O segundo capítulo, en contraste, parécenos relativamente incoherente, non tanto polo contido en si mesmo, senón pola que consideramos inapropiada clasificación teórica. Englobar baixo o epígrafe de “perspectiva antropolóxica da traducción” teorías que se ocupan de cuestións tan dispares como a etnolingüística, a estilística, a retórica e a textoloxía contrastiva, xunto coas

teorías funcionalistas da traducción e a noción de equivalencia dinámica de Nida, semella non responder á lóxica dos contidos esperables. Aínda que efectivamente a función da traducción vén determinada polo destino da traducción na cultura importadora, non entendemos que as características desta última poidan ser consideradas cuestións antropolóxicas, entendendo a antropoloxía como a adaptación cultural e histórica da especie biolóxica humana.

Os dous últimos capítulos volven, por así dicilo, á coherencia. O terceiro dedícase ás cuestións ideolóxicas que condicionan as traducións, nomeadamente as literarias. Esta é a razón pola que as teorías recollidas e descritas proceden na súa meirande parte da disciplina da Literatura Comparada pero tamén da filosofía posestructuralista. Preséntanse, pois, unha serie de escolas que empezan a ser familiares no eido académico do noso país e que xa comezan a producir resultados de investigación. Trátase, entre outras, da Teoría do polisistema, da chamada Escola da manipulación, e das nocións de reescritura, norma e mecenado que estas empregan para describi-las estratexias que emprega a cultura importadora para o control poetolóxico e ideolóxico, e os elementos alleos que entran a través das traducións e que poden resultar para ela potenciais ameazas á estabilidade ou posible cambio de relacións de forza. Na mesma liña son presentados os estudos poscoloniais e ás teorías da desconstrucción, aínda que semellen polo de agora pouco rigorosos dende o punto de vista dunha investigación que se pretenda descritivista.

É nestes últimos capítulos onde máis clara se presenta a relación entre a traducción e a cultura na que se se produce. A razón habería que buscala probablemente no feito de que a clase de traducións obxecto de estudio son as literarias. En primeiro lugar, porque son as máis facilmente identificables como traducións, poden ser situadas nunha época histórica dada e mesmo poden coñecer máis dunha versión ou revisión. En segundo lugar, porque a literatura é considerada o produto cultural por excelencia na nosa sociedade occidental.

Para rematar, cómpre mencionar que un dos acertos do manual consiste en facer fincapé non só na importancia destes aspectos para o que poderíamos considerar un achegamento máis teórico e descritivo da traducción, senón que reitera a necesidade de que tanto o traductor coma o ensinante de traducción tomen en consideración as similitudes e disimilitudes culturais de aspectos tanto textuais coma comunicativos, literarios, estilísticos, etc. Poderíamos afirmar que este é un dos méritos do libro o cal, puntualicemos, non está concibido como un manual de ensino da traducción. Nembargantes, é de agradecer a constante relación que se establece entre os aspectos prácticos e os teóricos, que a miúdo son considerados como de pouca ou escasa aplicación no exercicio da actividade profesional da traducción.

Non atoparemos unha proposta orixinal para o estudio da implicación e relevancia dos factores culturais na traducción. Si dispoñemos dun completí-

simo e interesante manual de consulta para todos aqueles, formadores, estudantes ou estudiosos, que precisen dunha visión interdisciplinar de conxunto sobre os máis recentes enfoques teóricos que teñen en conta estes factores, imprescindibles, dende o noso punto de vista, para tentar comprender esta complexa actividade de comunicación entre comunidades.

Susana Cruces Colado
Universidade de Vigo